

2º EXERCICIO: PARTE ESPECÍFICA

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba ten carácter eliminatorio. Este exercicio consta de dúas partes diferenciadas: un primeiro cuestionario con 50 preguntas teóricas tipo test con 5 de reserva (E51 á E55), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Específico Parte teórica**" entre os números **E1** e **E55** e un segundo cuestionario de 50 supostos prácticos tipo test con 5 de reserva (E106 á E110), que deberán ser contestados a continuación do recadro "**Específico Parte práctica**" entre os números **E56** e **E110** da "FOLLA DE RESPOSTAS"
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **150 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS", no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.
Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

EXAME EN GALEGO

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO
DA FOLLA DE RESPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

✓

1. Os medicamentos que son obtidos por técnicas de enxeñaría xenética denomínanse:

- A) Radiofármacos.
- B) Formulas maxistrais.
- C) Biotecnolóxicos.
- D) Biolóxicos.

2. Segundo a súa perigosidade infectiva, o material semicrítico é aquel que:

- A) Require total asepsia. É instrumental que temporal ou definitivamente vai quedar introducido no organismo.
- B) Está rigorosamente limpo e, no posible, desinfectado. Non está en contacto con cavidades internas do organismo, nin vías de entrada ao mesmo.
- C) Debe de estar desinfectado. Non é imprescindible a súa esterilización.
- D) Ningunha é correcta.

3. Un dos seguintes non é un dos considerados cinco momentos para o lavado de mans:

- A) Antes de tocar a un paciente.
- B) Despois de estar expostos a líquidos corporais.
- C) Despois de realizar unha tarefa aséptica.
- D) Despois de estar en contacto coa contorna do paciente.

4. Un repousapés é:

- A) Tallo pequeno para apoiar os pés cando se está sentado.
- B) Unha cadeira traumatolóxica para manter a aliñación do corpo.
- C) Unha cadeira de brazos traumatolóxica para pacientes intervidos de prótese total de cadeira.
- D) Ningunha é correcta.

5. Cal non é unha barreira na comunicación debida á transmisión?

- A) A distorsión.
- B) O filtrado.
- C) O efecto Halo.
- D) A sobrecarga das canles.

6. Sinale a opción incorrecta en relación cos contratos de subministracións:

- A) A baixa temeraria xera dúbidas sobre o cumprimento do contrato.
- B) O material en depósito está inventariado.
- C) O prazo de aprovisionamento é o tempo que tarda o provedor en subministrar un produto.
- D) O stock de seguridade é o que se constitúe para facer fronte a situacións excepcionais.

7. Qué orde se debe seguir para a colocación das prendas que se precisan na asepsia cirúrxica cando se corre risco de contaminación por gotas?

- A) Calzas, gorro, gafas, bata, luvas, máscara.
- B) Calzas, gorro, máscara, gafas, bata, luvas.
- C) Gorro, calzas, máscara, bata, luvas, gafas.
- D) Gorro, calzas, bata, luvas, máscara, gafas.

8. Non se consideran prestacións sanitarias obrigatorias:

- A) Traslado por alta.
- B) O traslado de pacientes, órganos ou persoal sanitario para a realización de transplantes.
- C) O traslado por asistencia continuada.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

9. Cando falamos de quirófanos de tipo A, referímonos a:

- A) Quirófanos especializados, cun sistema de climatización cun alto custo de implantación e de explotación.
- B) Quirófanos de moi altas prestacións, aptos para neurocirurxía e cirurxía traumatolóxica.
- C) Quirófanos con instalación de difusión de aire laminar no interior da sala.
- D) Todas son correctas.

10. En relación ao lavado de mans antiséptico, marque a resposta correcta:

- A) Realízase antes do aseo dos pacientes.
- B) Realízase despois de trasladar ou manipular mostras biolóxicas.
- C) Con este método redúcese sensiblemente a flora bacteriana.
- D) Todas son correctas.

11. A quen corresponde a custodia de pertenzas?

- A) Ao Servizo de admisión.
- B) Á Xefatura de persoal subalterno.
- C) Ao celador da entrada principal.
- D) Ao Servizo de atención ao paciente.

12. Non é un método químico de esterilización por gas:

- A) Óxido de etileno.
- B) Formaldehido.
- C) Formol.
- D) Peróxido de hidróxeno.

13. Cales non son elementos necesarios na escoita activa?

- A) Empatizar.
- B) Ter unha postura activa.
- C) Retroalimentar.
- D) Ofrecer axuda prematuramente.

14. Dentro do aparataxe de uso frecuente que se atopa nos quirófanos, o instrumento que corta o tecido e/ou cauteriza, denomínase:

- A) Bisturí de aceiro non funxible.
- B) Bisturí electrónico.
- C) Bisturí cirúrxico.
- D) Bisturí eléctrico.

15. Para abrir a vía aérea a unha persoa que sufriu un accidente e da que se sospeita teña lesión cervical, realizaremos a seguinte manobra:

- A) Manobra de Heimlich.
- B) Manobra de inclinación de cabeza e elevación de mentón.
- C) Manobra mandibular.
- D) Manobra fronte-queixo.

16. Segundo o Estatuto de Persoal non Sanitario ao servizo das institucións sanitarias da Seguridade Social de 1971, o xefe de persoal subalterno:

- A) Exercerá, por delegación do Director, a xefatura de persoal de celadores.
- B) Manterá o réxime establecido pola dirección, respecto á limpeza da Institución.
- C) Coidará da compostura e aseo do persoal ás súas ordes, revisando e esixindo que vistan o uniforme regulamentario.
- D) Vixiará o acceso dos enfermos, visitantes e persoal ás distintas dependencias da Institución.

17. Sinale a temperatura á que ten que estar a cámara de refrixeración para a conservación dun cadáver:

- A) Entre -3°C e 5°C .
- B) Entre -2°C e 6°C .
- C) Entre -2°C e 5°C .
- D) Entre -2°C e 4°C .

18. O accesorio cirúrxico que se fixa á mesa e que se sitúa enriba do paciente e permite separar a zona de anestesia da de incisión, como se chama?

- A) Separador de Farabeuf.
- B) Separador de Kocher.
- C) Marco de Balkan.
- D) Arco de narcose.

19. Rematada unha intervención cirúrxica, e previo ao peche da incisión, quen verifica o recuento de compresas realizado polo persoal de enfermería circulante?

- A) O persoal técnico en coidados auxiliares de enfermería.
- B) O/A anestesista.
- C) O/A propio/a cirurxián/á.
- D) O persoal de enfermería instrumentista.

20. O que queda do corpo humano, acabados os fenómenos de putrefacción, unha vez transcorridos os cinco anos seguintes á morte denomínase:

- A) Restos cadavéricos.
- B) Restos humanos de entidade suficiente.
- C) Cadáver.
- D) Restos óseos.

21. Sinale a opción incorrecta segundo as Instrucións Xerais de Recepción da Plataforma Loxística Sanitaria de Galicia Versión 2019.02:

- A) Toda expedición que non presente albará de proveedor non se recollerá.
- B) Cando dun único pedido se realicen varias entregas no mesmo transporte, recoméndase incluír toda a mercadoría nun único albará.
- C) A un pedido correspóndelle un único albará de entrega.
- D) Recoméndase que non se repita o mesmo número de albará nun ano.

22. Unha das seguintes definicións é incorrecta:

- A) A CPU é un compoñente do hardware dentro dun ordenador.
- B) A memoria RAM é unha memoria de só lectura. Almacena a información necesaria para o arranque do ordenador.
- C) A memoria CACHÉ é unha área de almacenamento dedicada aos datos usados con máis frecuencia para a súa recuperación a gran velocidade.
- D) O escáner é un periférico de entrada dun ordenador.

23. Cal é a finalidade dos cambios frecuentes de postura nos pacientes encamados?

- A) Que a roupa que cobre a cama do paciente roce a pel e produza lesións.
- B) Previr a aparición de úlceras por decúbito.
- C) Aparición de isquemia nos puntos de presión.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

24. Unha persoa falecida por varíola, a que grupo pertence segundo a clasificación sanitaria dos cadáveres?.

- A) Grupo I.
- B) Grupo II.
- C) Grupo III.
- D) Ningunha é correcta.

25. Para administrar osíxeno a un bebé utilízase:

- A) Unha sonda ou catéter nasal pediátrico.
- B) Un halo.
- C) Unha máscara oronasal pediátrica.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

26. A que denominamos transporte terciario?

- A) Ao transporte do paciente desde un centro sanitario a outro para que lle realicen unha proba diagnóstica ou para que permaneza nese centro.
- B) Ao transporte do paciente desde un servizo a outro dentro do mesmo hospital para que lle realicen unha proba ou o cambien de unidade.
- C) Ao transporte que se realiza desde o lugar onde se produce a necesidade asistencial ata o hospital ou centro de atención de referencia do paciente.
- D) Ao transporte que se realiza utilizando medios especiais de transporte como un helicóptero.

27. Que é un optotipo?

- A) Aparello usado en oftalmoloxía para medir a agudeza visual.
- B) Fonte de luz utilizado polo cirurxián ou otorrinolaringólogo para realizar exploracións.
- C) Permiten ampliar impulsos eléctricos que se derivan do cerebro para o seu estudo.
- D) Ningunha é correcta.

28. Cal non é unha característica da paralinguaxe?

- A) Ton.
- B) Xestos.
- C) Volume.
- D) Articulación.

29. Cal non é unha característica que facilita a comprensión por parte do receptor?

- A) A actitude negativa cara o interlocutor.
- B) Concretar a idea para transmitir.
- C) Coidar a comunicación non verbal.
- D) A adecuación do ton.

30. Cal é a diferenza entre escordadura e luxación?

- A) Son o mesmo, non existe diferenza.
- B) A escordadura é a separación momentánea das superficies articulares e a luxación é a separación permanente.
- C) A escordadura é a separación das superficies articulares das extremidades inferiores e a luxación das extremidades superiores.
- D) Ningunha resposta é correcta.

31. Cal das seguintes é unha función do celador?

- A) Mobilizar ao paciente dentro do seu medio tendo en conta o seu estado e posición anatómica recomendada.
- B) Acompañar ás nais e recentemente nados aos servizos e plantas que lle sexan asignados.
- C) Aplicar técnicas de osixenoterapia.
- D) Axudarán ás enfermeiras e axudantes de planta ao movemento e traslado dos enfermos encamados que requiran un trato especial en razón ás súas doenzas para facerlles a cama.

32. Segundo o Estatuto de Persoal Sanitario non Facultativo de 26 de abril de 1973, a quen corresponde atender á hixiene dos enfermos graves e facer as súas camas coa axuda das auxiliares?

- A) Aos enfermeiros e axudantes técnicos sanitarios.
- B) Ás auxiliares con axuda do celador.
- C) Ás enfermeiras con axuda das auxiliares, cando se trate de pacientes femininas.
- D) Ao celador en caso de pacientes masculinos, seguindo as instrucións da supervisora.

33. Posición de decúbito dorsal na que o paciente está deitado sobre as súas costas, membros superiores estendidos xunto ao corpo, extremidades inferiores lixeiramente flexionadas polos xeonllos e coas plantas dos pés apoiadas sobre a cama. Sinale a resposta correcta:

- A) É unha variante da posición anatómica.
- B) Non existe esta posición.
- C) Utilízase para relaxar as paredes musculares abdominais.
- D) Son correctas as respostas a e c.

34. Sinale a opción correcta respecto do inventario permanente:

- A) O inventario permanente faise unha vez ao ano.
- B) O reconto do inventario permanente faino o celador de subministracións.
- C) O inventario permanente faise mediante unha aplicación informática.
- D) O inventario permanente realízase sobre pequenas cantidades de produto.

35. Indique cal non é un elemento básico dunha fotocopiadora:

- A) Impulsor de imaxe.
- B) Fusor.
- C) Tambor.
- D) Lámpada de exposición.

36. A que denominamos polígono de sustentación?

- A) Á estrutura metálica utilizada para evitar que a roupa de cama roce a pel do paciente.
- B) Este termo non existe.
- C) Ao polígono formado polo contorno dos pés.
- D) Ao triángulo que permite ao paciente incorporarse na cama.

37. A clasificación de Altemeier permítenos:

- A) Clasificar as intervencións cirúrxicas segundo o grao de limpeza e contaminación.
- B) Clasificar as intervencións cirúrxicas segundo o grao de complexidade das mesmas.
- C) Clasificar as intervencións cirúrxicas segundo a súa finalidade.
- D) Clasificar as intervencións cirúrxicas segundo a necesidade de ingreso ou non.

38. Que instrumento non se usa nunha sala de autopsias?

- A) Escalpelo.
- B) Costótomo.
- C) Sonda acanalada.
- D) Todos se usan nunha sala de autopsias.

39. A aproximación é unha das fases do decálogo prehospitalario. Sinale a opción correcta:

- A) Acceso ao lugar do sinistro polo camiño máis rápido, máis seguro e máis curto.
- B) Acceso ao lugar do sinistro polo camiño máis seguro, máis rápido e máis curto.
- C) Acceso ao lugar do sinistro polo camiño máis seguro, máis curto e máis rápido.
- D) Acceso ao lugar do sinistro polo camiño máis curto, máis seguro e máis rápido.

40. Que é un estetoscopio de Pinard?

- A) Un amplificador de sons.
- B) É un estetoscopio biauricular.
- C) Úsase para auscultación cardíaca fetal.
- D) Todas son correctas.

41. A orde dos elos da denominada cadea de supervivencia é:

- A) RCP básica; traslado; RCP avanzada.
- B) RCP básica; desfibrilación; traslado.
- C) Activación precoz dos servizos de emerxencia sanitaria; RCP básica; desfibrilación precoz; RCP avanzada; traslado.
- D) RCP básica; RCP avanzada; traslado.

42. As zonas de preparación de citostáticos deben reunir unha serie de características. Indique a resposta incorrecta:

- A) Están illados fisicamente do resto do servizo.
- B) Dispoñen de recirculación de aire ambiental.
- C) As habitacións deberán ter presión negativa.
- D) Están equipadas con campá de fluxo laminar vertical.



43. Observe a imaxe anterior e elixa a resposta correcta:

- A) Pegar texto.
- B) Copiar texto.
- C) Cortar texto.
- D) Desfacer cambios.

44. Como se define ao conxunto de dependencias onde están situados os quirófanos, vestiarios, corredores, almacén de aparataxe, zona de lavado...?

- A) Zona cirúrxica.
- B) Espazo de operatoria cirúrxica.
- C) Área cirúrxica.
- D) Todas son correctas.

45. Indique a posición máis adecuada para o lavado do cabelo en pacientes encamados:

- A) Proetz.
- B) Kraske.
- C) Fowler.
- D) Jakknife.

46. Sinale cal dos seguintes non é un arquivo de vídeo:

- A) AVI.
- B) MOV.
- C) MKV.
- D) WAV.

47. A que nos referimos cando falamos dunha zorra no quirófano?

- A) Utilízase para adoptar a posición de laminectomía. É utilizado para acomodar ao paciente e evitarlle lesións por unha postura mal aliñada do corpo.
- B) Utilízase para adoptar a posición de prono. Fíxase á mesa e expón distintas partes do corpo.
- C) Utilízase para adoptar a posición de prono. É un accesorio metálico, forrado con almofadas para protexer ao paciente e evitarlle lesións.
- D) Utilízase para adoptar a posición de laminectomía. Consiste nun accesorio metálico coa parte superior almofadada que serve para elevar a zona lumbar do paciente.

48. O número máximo de camas por habitación hospitalaria non debe ser superior a:

- A) Tres camas.
- B) Catro camas.
- C) Cinco camas.
- D) Seis camas.

49. Sinale a opción correcta en relación co uso da transpaleta:

- A) En caso de atoparse nun corredor con xente deambulando, vostede ten preferencia por levar a transpaleta.
- B) Entra no ascensor tirando da transpaleta.
- C) Ao baixar unha rampla bastante empinada, colocarse por detrás da transpaleta.
- D) Só cando a carga descansa no chasis se pode conducir a transpaleta.

50. Sinale a opción incorrecta respecto da gaiola de transporte:

- A) O celador sae primeiro do ascensor.
- B) Para cruzar unha porta de vaivén aberta hai que tirar da gaiola.
- C) Cando se sube unha rampla inclinada vaise detrás da gaiola empuxando.
- D) Como norma xeral, as gaiolas empúxanse.

51. Que combinación de teclas usaría para seleccionar todo o documento en Word?

- A) Maiús+Frecha arriba.
- B) Maiús+CTRL+Frecha arriba.
- C) CTRL+E.
- D) CTRL+Maiús+Inicio.

52. Cando nos referimos aos recursos asistenciais en saúde mental que están integrados na área de saúde, distinguimos entre dispositivos sanitarios e dispositivos intermedios ou rehabilitadores. Entre estes últimos, non se atopa:

- A) Centros de media estadía.
- B) Centros de longa estadía.
- C) Pisos protexidos.
- D) Unidade de rehabilitación.

53. A quen corresponde a xestión do catálogo de artigos?

- A) Á Comisión de Compras.
- B) Á Dirección de Recursos Económicos de cada Área Sanitaria.
- C) Á Unidade Administrativa do Servizo de Subministracións.
- D) Ao Servizo de Subministracións da Subdirección Xeral de Compras e Servizos do SERGAS.

54. Sinale a resposta incorrecta respecto da osixenoterapia:

- A) A osixenoterapia realízase en situacións de hipoxia.
- B) A falta total de osíxeno coñécese como anoxia.
- C) En osixenoterapia aplícase osíxeno en concentracións superiores ao 21%.
- D) O aire en condicións normais está composto entre outros gases por un 78% de nitróxeno, un 23% de osíxeno e un 0,02% de monóxido de carbono.

55. Sinale a resposta incorrecta en relación coa certificación técnico-sanitaria dos vehículos de transporte sanitario:

- A) Para a súa obtención o vehículo non poderá superar a antigüidade de 10 anos, contados desde a última matriculación.
- B) Outórgase por un prazo de duración de 2 anos en vehículos novos e anual a partir do segundo ano de antigüidade.
- C) O vehículo deberá estar matriculado e habilitado para circular.
- D) A empresa certificará que dispón do persoal adecuado e coa cualificación ou habilitación necesarias para o servizo do tipo de vehículo do que se trate.

56. Vostede, como celador/a de quirófano, coñece a existencia dunha serie de limitacións e recomendacións á hora do uso do teléfono móbil dentro da área cirúrxica:

- A) Recoméndase non usalo a menos de 1,5 metros do campo cirúrxico polas súas interferencias cos aparatos.
- B) Recoméndase non usalo a menos de 2,5 metros do campo cirúrxico polas súas interferencias cos aparatos.
- C) Recoméndase usalo na sala destinada a ese efecto dentro da área cirúrxica.
- D) Todas son correctas.

57. Ten que subir un material de tránsito a un almacén periférico, que non é xestionado polo almacén central. En que consistiría o seu traballo?

- A) Colócao no seu lugar correspondente dentro do almacén periférico.
- B) Dállo en man á persoa responsable da unidade.
- C) Colócao no seu lugar correspondente dentro do almacén periférico e pídelles que lle asinen consonte o recibiron.
- D) Dállo en man a alguén do servizo, que terá que asinar conforme o recibiron.

58. Na institución na que está a traballar como celador úsase o autoclave para a esterilización do material. Indique a resposta incorrecta:

- A) Os materiais de vidro pódense esterilizar no autoclave.
- B) Unha das súas vantaxes é que non contamina nin deixa residuos.
- C) Para a correcta esterilización do material cirúrxico, a temperatura debe ser superior aos 120°C.
- D) O test de Bowie–Dick permítenos verificar a eficacia da esterilización.

59. Está vostede destinado como celador nunha UCI e debe trasladar a un paciente en estado crítico a outra unidade para a realización dunha proba complementaria. Ante a orde de traslado, deberá:

- A) Trasládalo o máis rapidamente posible en compañía dun auxiliar e outro celador.
- B) Trasládalo en compañía dun facultativo e un enfermeiro.
- C) Trasládalo coa maior rapidez posible xunto a un facultativo comprobando que levamos todo o material necesario para o transporte.
- D) Trasládalo en compañía dun facultativo e un auxiliar.

60. Estando destinado na porta de entrada de visitas, un usuario tenta acceder con un neno que di que ten seis anos. Como debe actuar?

- A) Diralle educadamente que os menores de doce anos non poden pasar.
- B) Deixaría pasar a un, ao presentar un só pase de visita.
- C) Faría unha excepción, pero lle informaría dos riscos que conleva para o pequeno.
- D) Deixaríalles pasar porque o pase indica que van á planta de paliativos.

61. Encoméndanlle levar unha gaiola de transporte con material para o laboratorio de microbioloxía. Cal das seguintes accións é correcta?

- A) Ao entrar no ascensor meter a gaiola primeiro.
- B) Baixar a rampla detrás da gaiola, tirando dela para freala.
- C) Negarse a facelo só porque ten que subir unha rampla e é obrigatorio facelo entre dúas persoas.
- D) Empuxar a gaiola para saír do ascensor.

62. Traballando un domingo na quenda de mañá, escoita desde o control da planta voces e risas procedentes dunha habitación. Ao achegarse, ve que co paciente da cama dúas, hai cinco acompañantes. Que debería facer?

- A) Chamar inmediatamente a seguridade, xa que é función súa vixiar o comportamento de enfermos e familiares.
- B) Explicarlles educadamente que as normas do hospital só permiten un acompañante por paciente, fóra do horario de visita e que teñen que abandonar a habitación.
- C) Ao ser fin de semana, facer un pouco a vista gorda e pechar a porta para que non molesten.
- D) Pedirlles que falen máis baixo.

63. O facultativo responsable dun paciente na UCI ordénanos que avisemos aos seus familiares para que poida informalos sobre o estado do mesmo. Nós, como celadores desa unidade:

- A) Non é función nosa avisar á familia.
- B) Faremos o que nos ordenaron.
- C) Dirémoslle que como celadores de UCI temos moito traballo e non podemos saír a avisar á familia.
- D) Ningunha resposta é correcta.

64. Cal das seguintes posicións considera que sería máis adecuada para unha intervención de colecistectomía?

- A) Prono.
- B) Semi Fowler.
- C) Trendelemburg.
- D) Supino.

65. Os celadores no servizo de quirófano realizan diversas funcións. Entre elas, non se atopa:

- A) Trasladar desde as súas correspondentes habitacións aos usuarios que serán intervidos no quirófano.
- B) Colocar ao paciente na mesa de quirófano dacordo coa intervención a realizar.
- C) Para coordinarse co persoal sanitario do bloque cirúrxico, o celador trasladará aos pacientes de acordo á orde preestablecida.
- D) Despois de cada traslado comprobará que a historia clínica corresponde coa identidade do paciente trasladado.

66. Vostede é celadora no bloque cirúrxico dun hospital do SERGAS. No transcurso da súa xornada laboral é requirido ao remate dunha intervención para o traslado do paciente á unidade de reanimación postanestésica. Durante o traslado, quen lle acompaña?

- A) A súa compañeira de quenda, xunto coa anestesista.
- B) A súa compañeira de quenda, a anestesista e a enfermeira instrumentista.
- C) A súa compañeira de quenda, a anestesista e a enfermeira circulante.
- D) Todas elas.

67. Estando de celador en subministracións, tócalle recibir un pedido. Sinale a opción incorrecta en canto ao traballo que debe realizar:

- A) Comprobar o pedido.
- B) Comprobar o albará.
- C) Comprobar que coinciden os prezos do albará cos do pedido do centro.
- D) Selar o albará ao provedor, no caso de que todo estea correcto.

68. No suposto de que teñamos que trasladar a un paciente para que lle realicen unha proba complementaria:

- A) Deixaremos ao paciente abrigado cunha manta cerca da consulta do médico para que o TCAE poida recoñecelo.
- B) Deixaremos ao paciente abrigado cunha manta e entregáremoslle a documentación clínica para que este lla entregue á persoa responsable do servizo.
- C) Non estamos obrigados a permanecer xunto ao enfermo e regresaremos á unidade na que estamos a traballar.
- D) Permaneceremos xunto ao enfermo ata que a persoa responsable da proba se faga cargo do mesmo.

69. Un paciente que se atopa na sala de observación sofre unha parada cardiorespiratoria. O facultativo ao cargo pídelo ao celador a súa colaboración. Como deberá proceder?

- A) Retirá o cabeceiro da cama.
- B) Colocará ao paciente en posición de Fowler.
- C) Axudará ao persoal sanitario a colocar ao paciente en posición de Roser se é necesario realizar unha intubación endotraqueal.
- D) As respostas a e c son correctas.

70. Se a supervisora de urxencias lle pide ao celador que acompañe a un dos pacientes deste servizo na ambulancia para que lle realicen unha proba complementaria nun centro pertencente ao mesmo complexo hospitalario, o celador:

- A) Negarase, posto que non pode abandonar o seu posto de traballo.
- B) Acompañará ao paciente, pero só ata a ambulancia.
- C) Cumplirá o encomendado.
- D) Diralle á supervisora que non é función súa acompañar aos pacientes nas ambulancias.

71. A.S.V. traballa como celadora na sala de autopsias. Das seguintes tarefas indique cal non realizará:

- A) Instrumentar ao médico durante a realización da autopsia.
- B) Colocar o cadáver na mesa e sacarlle a mortalla se fose necesario.
- C) Introducir en botes herméticos os restos cadavéricos que lle indiquen.
- D) Realizará todas as anteriores.

72. Nada máis comezar a súa quenda de mañá como celador na planta de Neuroloxía ten que axudar á TCAE ao aseo dun paciente. Sinale a resposta correcta:

- A) Se presenta venoclise débese cubrir a zona cun apósito impermeable.
- B) A orde do lavado será: enxaboado–aclorado–enxaugado e secado.
- C) Unha vez terminado o aseo, e antes de pasar ao seguinte paciente, ofréceselle a cuña.
- D) A temperatura da auga, ao aplicala ao paciente, estará entre 40°C e 42°C.

73. Vostede traballa como celador/a na área psiquiátrica do hospital. Pola súa experiencia, coñece como actuar ante un paciente que profire insultos e xestos agresivos. Como se debe responder ante tal situación?

- A) Notifícase ao médico e á enfermeira responsables a situación.
- B) Busca diminuír os estímulos externos que incidan no enfermo: luz, voces, rúidos...
- C) Se fose preciso, colaboraría no illamento e suxeición mecánica do paciente, sempre baixo prescrición médica.
- D) Todas son correctas.

74. Estando no servizo de urxencias, necesítase conter a un paciente psiquiátrico, que está axitado. Cal das seguintes opcións non é correcta?

- A) Tentar facerlle ver ao paciente o que lle está pasando.
- B) Despexar a zona de curiosos, facendo que enfermos e acompañantes permanezan nos seus boxes ou cubículos.
- C) Á hora da redución, tentarase suxeitar por cada unha das súas catro extremidades.
- D) Na inmovilización non é necesario máis de catro ou cinco persoas.

75. Á hora da colocación das extremidades inferiores do paciente nas perneiras, débese proceder do seguinte xeito:

- A) Débense elevar ámbalas dúas extremidades simultaneamente para compensar o retorno venoso e previr danos nas articulacións.
- B) Débense elevar ámbalas dúas extremidades evitando facelo ao mesmo tempo para compensar o retorno venoso e previr danos nas articulacións.
- C) Débense elevar ámbalas dúas articulacións ao mesmo tempo para contrarrestar o retorno venoso e previr danos nas mesmas.
- D) Débense elevar ámbalas dúas articulacións evitando facelo ao mesmo tempo para contrarrestar o retorno venoso e previr danos nas mesmas.

76. Pídenos que axudemos a un paciente con hemiplexía dereita na deambulación. Como o faríamos?

- A) Colocaríámonos no lado non afecto.
- B) Axudariámoslle polo lado afecto, coma si se apoiáse nun bastón.
- C) Situariámosnos no lado esquerdo.
- D) Son correctas as respostas a e c.

77. Rematada a intervención cirúrxica, vostede porá especial atención en:

- A) A colocación do material para a súa esterilización.
- B) A retirada do aparello de raios portátil da sala previamente á limpeza do quirófano.
- C) Gardar os accesorios da mesa para que non entren en contacto con material de limpeza húmido que puidese danalos.
- D) Procederá á recollida e traslado ao servizo correspondente das mostras ou tecidos extirpados para o seu estudo.

78. En que servizo do hospital podería vostede atopar unha "cámara cefálica" e para que serviría?

- A) En quirófano, para acomodar ao paciente en prono.
- B) En traumatoloxía, para suxeitar traccións cervicais.
- C) Na área de neonatoloxía, para administración de osíxeno a bebés.
- D) Ningunha é correcta.

79. Estando destinado na planta de pediatría, encoméndanlle que desaloxe as habitacións para a visita médica. Vostede debe:

- A) Acatar a orde porque, ademais de ser unha das súas funcións, é unha norma imposta pola Dirección do hospital, que durante a visita médica non se permite a estada nas habitacións dos acompañantes.
- B) Acatar a orde, deixando que queden só os que teñan o debido pase permanente.
- C) Dicir educadamente que é función de seguridade.
- D) Chamar ao encargado de celadores, xa que o que me piden incumple a norma do hospital de que os nenos poden ter acompañamento en todo momento.

80. A supervisora de farmacia ordénalle trasladar unha fórmula maxistral á 4ª planta. Marque a resposta correcta:

- A) Realizará a tarefa.
- B) O celador non traslada fórmulas maxistrais. Corresponde á supervisora da planta ir recollela.
- C) Chamará ao encargado de quenda para que a leve ou decida a quen manda a recollela.
- D) A farmacia dun hospital non prepara fórmulas maxistrais.

81. Antonio é un celador que leva traballando de forma eventual desde o ano 2022. Co seu primeiro contrato entregáronlle os seus uniformes correspondentes; pasado o tempo, Antonio ten dúbidas de cal é o período de tempo que ten que transcorrer de forma ordinaria para que lle entreguen un novo uniforme. Cal sería este prazo?

- A) 365 días de traballo efectivo.
- B) 464 xornadas de traballo efectivo.
- C) 720 días de traballo efectivo.
- D) 486 días de traballo efectivo.

82. A supervisora fixo un pedido urxente dun artigo que se necesitaba en planta. Quen debería subilo?

- A) O celador da estafeta.
- B) O celador de planta, por ser un pedido urxente.
- C) O celador do correo interno, cando faga o percorrido.
- D) O celador que está no retén, porque non é función de ningún dos anteriores.

83. Para que utilizaremos o método de trabazón de brazos?

- A) Axudar ao paciente a levantarse da cama.
- B) Axudar a camiñar ao paciente.
- C) Para cambiar almofadas e acomodar ao paciente.
- D) Esta técnica non se utiliza no hospital.

84. J.M.T. empeza a traballar hoxe como celador auxiliar de autopsias. Con carácter xeral, cal non é unha característica da sala de autopsias?:

- A) Dispón de mecanismos antirretorno.
- B) Posúe un sistema de aspiración.
- C) Ten refrixeradores con capacidade para dous cadáveres cada cen camas de hospitalización.
- D) Está habilitada con extractores de aire directos ao exterior.

85. Traballando na planta de Traumatoloxía, dáse conta de que a billa dunha habitación gotea. Que debería facer?

- A) Chamar ao servizo de mantemento e dicirlles que suban inmediatamente.
- B) Avisar ao encargado de quenda, por ser o seu inmediato superior.
- C) Dicirillo á supervisora de planta, para que ela sexa a que dea parte a mantemento.
- D) Tentar arranxalo, no caso de que llo encomendase a supervisora.

86. Na preparación para a transferencia dun paciente da cama á padiola deberemos:

- A) Colocar a padiola en posición perpendicular á cama coa cabeceira da padiola aos pés da cama e frear ambas.
- B) Colocar a padiola en posición perpendicular á cama coa cabeceira da padiola formando un ángulo de 90° coa cabeceira da cama e frear ambas.
- C) Colocar a padiola a continuación da cama e frear ambas.
- D) Son correctas as opcións a e c.

87. Estando nunha habitación dáse conta de que un dos pacientes empeza a atoparse mal. Sinale a opción incorrecta do que vostede, coma celador, faría:

- A) Avisará ao persoal sanitario.
- B) Procederá a sacar a cabeceira da cama, no caso de que llo pidan.
- C) Axudará na masaxe cardíaca se fose necesario.
- D) Axudará na RCP avanzada.

88. O facultativo que vai realizar unha punción lumbar no servizo de urxencias, pídelo ao celador que acuda para axudarlle, que deberá facer?

- A) Non acudirá, alegando que é función do persoal sanitario.
- B) Axudará ao facultativo e seguindo as súas indicacións colocará ao paciente en decúbito lateral cos xeonllos flexionados cara o abdome e a cabeza flexionada cara os xeonllos.
- C) Só axudará subministrándolle o material necesario.
- D) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

89. Atopámonos traballando na planta de traumatoloxía e pídenos axuda para mobilizar a un paciente con tracción na perna esquerda. Sinale a resposta incorrecta:

- A) Con axuda do paciente serán necesarias un mínimo de dúas persoas.
- B) A enfermeira retirará a tracción para evitar que nos moleste.
- C) Realizarase o movemento sincronizadamente.
- D) Se se utiliza saba de arrastre serán necesarias polo menos tres persoas.

90. A enfermeira de urxencias pide a un celador que axude na colocación e posterior retirada dunha cuña a un dos pacientes que está en padiola na sala de observación e que require un tratamento especial debido ás súas doenzas. O celador:

- A) Negarase a facer ese cometido por non ser da súa competencia.
- B) Informará á enfermeira de que é función do auxiliar de enfermería.
- C) Fará o que lle encomendaron só por ser unha función exclusiva do celador.
- D) Dada a excepcionalidade e circunstancias especiais do paciente, o celador deberá colaborar co persoal sanitario na colocación e retirada da mesma.

91. Se temos que trasladar a un paciente ao servizo de radioloxía en cadeira de rodas e para iso debemos baixar un piso:

- A) Empuxaremos a cadeira desde a parte de atrás pola empuñadura.
- B) Para entrar e saír do ascensor o celador entra e sae sempre primeiro tirando da cadeira.
- C) Si o ascensor quedou lixeiramente elevado con respecto ao chán da planta entraremos de fronte.
- D) Son correctas as respostas a e c.

92. Na planta de hospitalización, ao colaborar no aseo dun paciente, o persoal de enfermería solicita cambiar o colchón a un paciente co fin de previr as úlceras por decúbito. Que tipo de colchón deberíamos buscar?

- A) Colchón de resortes.
- B) Colchón alternating.
- C) Colchón de espuma.
- D) Colchón Bariátrico.

93. Na planta na que traballa solicitan unha cama especial para un paciente afectado de obesidade mórbida. Vostede levará á unidade unha:

- A) Cama Bariátrica.
- B) Cama de Judet.
- C) Cama electrocircular.
- D) Cama de Sanders.

94. Vostede atópase destinado no día de hoxe na área de Saúde Mental do hospital. O persoal facultativo solicítalle desempeñar unha serie de funcións, entre as que non se pode atopar:

- A) Vixiar a orde e a harmonía entre os pacientes.
- B) Recoller medicación e outros produtos da farmacia en carros unidos.
- C) Axudar ao persoal sanitario na administración de inxectables e tratamento de pacientes incapaces que se negan a colaborar.
- D) Reducir aos pacientes axitados aplicando suxeición mecánica ao seu criterio.

95. Hai que trasladar a un paciente ingresado na planta de psiquiatría, onde vostede está de quenda, a unha consulta que está noutro hospital do mesmo complexo. O paciente terá que ir en ambulancia. Sinala cal das seguintes opcións é incorrecta:

- A) Levará ao paciente en padiola desde a planta ata a ambulancia.
- B) Transferirá ao paciente á padiola da ambulancia con axuda do técnico da mesma.
- C) Axudará a subir a padiola á ambulancia.
- D) Acompañará ao paciente ata o seu regreso a planta, como lle encomendaron.

96. Cal sería a forma correcta de subir a un paciente colaborador cara a cabeceira da cama?

- A) Poñer a cama en horizontal ou en lixeiro Trendelemburg.
- B) Comprobar que a cama non esté freada.
- C) Pediremos ao paciente que estire os xeonllos.
- D) As respostas a e b son correctas.

97. Ordénanlle acudir ao almacén de camas do hospital para buscar unha cama con somier metálico formado por dous ou tres segmentos móbiles e adaptables ás necesidades do paciente. Que cama estamos a buscar?

- A) Cama articulada.
- B) Cama ortopédica.
- C) Cama de Klondike.
- D) Cama Clinitron.

98. Unha persoa acode ao servizo de urxencias e avisa ao celador de que no exterior do centro hai unha persoa no chan que necesita axuda urxente. Neste caso o celador:

- A) Dirá á persoa que o acerque para que o vexa o médico.
- B) Pediralle que se acerque ao servizo de admisión de urxencias para que sexa este o que avise ao médico.
- C) Facilitaralle unha padiola para que traslade ao enfermo.
- D) Asegurarase dos feitos e informará de inmediato ao persoal sanitario, seguindo as súas instrucións para trasladar ao paciente.

99. Ordénanlle facer fotocopias pero a máquina está estragada e só dispón dunha pequena fotocopiadora cuxa bandexa non admite un ancho de papel superior a 210 mm. Que formato de papel pode usar?

- A) DIN A4.
- B) DIN A5.
- C) DIN A6.
- D) Todos os anteriores.

100. A supervisora da planta na que nos atopamos traballando pídenos que axudemos ao auxiliar de enfermaría a pasar a un paciente non colaborador á poltrona. Sinala a resposta incorrecta:

- A) Explicaremos ao paciente o procedemento a seguir.
- B) Elevaremos a cabeceira da cama se é posible.
- C) Colocarémolos de forma que o auxiliar estea ao carón da cama e nós no contrario.
- D) Colocarémolos ambos no mesmo lado da cama.

101. Os familiares que acoden ao servizo de urxencias do hospital acompañando a un paciente, dinlle ao celador da porta que este ten dor no peito e antecedentes de infarto, como deberá actuar dito celador?

- A) Levarao nunha cadeira de rodas rapidamente ao servizo de admisión de urxencias para que facilite os datos e despois pasarao á zona de triaxe.
- B) Dados os antecedentes do paciente e a alta probabilidade de que se trate dun infarto, levarao directamente ao servizo de cardioloxía.
- C) Trasladao de inmediato á sala de triaxe para ser valorado polo persoal sanitario e, ao final, informará á familia do seu estado.
- D) Trasladao de inmediato á sala de triaxe para ser valorado polo persoal sanitario mentres a familia facilita os datos do paciente en admisión de urxencias.

102. Terminado o horario de visitas, aparece unha persoa que lle ensina a tarxeta identificativa de persoal dunha institución sanitaria dependente do SERGAS. Dille que quere entrar a ver a un amigo que está ingresado. Que tería que facer vostede?

- A) Deixalo pasar porque é compañeiro.
- B) Deixalo pasar porque a tarxeta identificativa de persoal do SERGAS é válida como pase de visita.
- C) Explícalle que esa tarxeta non é válida como pase de visita.
- D) Infórmalle educadamente do horario de visitas, instándolle a vir outro día.

103. A celadora da unidade de cuidados paliativos está a axudar a preparar un cadáver para levalo ao mortuorio. Un familiar comenta que van realizarlle unha preservación química. Indique a resposta incorrecta:

- A) Será obrigatoria cando o cadáver vaia a ser exposto nun lugar público ata un máximo de 72 horas.
- B) Pode ser realizada por un profesional Graduado en Medicina.
- C) Realízase en salas de tanatopraxia.
- D) Pódese efectuar unha vez transcorridas 8 horas desde o falecemento.

104. A.C.R. é celadora no servizo de farmacia. No almacén observa que unha caixa está rotulada como "medicamentos fotosensibles". Onde se gardan este tipo de medicamentos?:

- A) Son sensibles á calor, polo tanto, en cámaras frigoríficas.
- B) En armarios de seguridade aos que só teñen acceso os farmacéuticos.
- C) En lugares protexidos da luz.
- D) Ningunha é correcta.

105. Ao finalizar unha autopsia clínica, o médico indícalle que amortalle ao cadáver. Cal será o seu correcto proceder?

- A) Avisará ao encargado de quenda para que localice ao enfermeiro encargado.
- B) O celador axudará aos enfermeiros ou persoas encargadas a amortallar aos enfermos falecidos. Polo tanto, non é función do celador.
- C) No mortuorio amortalla o anatomopatólogo. O celador axudaría na mobilización.
- D) Todas son incorrectas.

Preguntas de reserva

106. Encoméndanlle baixar uns gases ao laboratorio de urxencias. Son uns capilares e danlle un imán para que os vaia movendo, evitando a súa coagulación. Sinala a opción correcta respecto do que tería que facer no devandito suposto:

- A) Acatar a orde.
- B) Deixar a mostra na área de recepción de mostras, porque non é función súa distribuír as mostras polos distintos laboratorios.
- C) Educadamente decirlle que lle corresponde ao TCAE trasladar mostras que necesiten manipulación.
- D) Poñerá a mostra nunha batea e baixaraa ao laboratorio de urxencias.



107. Está a realizar fotocopias e a súa multifunción mostra a imaxe anterior. Sinale a resposta correcta:

- A) Repoñer o tóner.
- B) Desatascar a máquina.
- C) Reiniciar a multifunción.
- D) Ningunha é correcta.

108. Dispónse a preparar un cadáver para unha autopsia e observa que ten manchas cutáneas de cor vermella-violácea. Marque a resposta correcta.

- A) O seu lugar de aparición depende da posición do cadáver.
- B) Este proceso denomínase Algor Mortis.
- C) É un fenómeno cadavérico tardío.
- D) Iníciase cunha mancha verde.

109. No transcurso da súa xornada laboral nunha planta de hospitalización, escoita ao persoal de enfermería solicitando unha sentinela ao persoal técnico en coidados auxiliares de enfermería. A que se refiren?

- A) A unha luz piloto que se atopa na parte baixa da parede e que permite circular sen tropezar.
- B) A un timbre que vai conectado a unha caravilla da parede e que permite solicitar axuda e servizos ao persoal que estea de quenda.
- C) Unha almofada utilizada para previr lesións e caídas.
- D) Ningunha é correcta.

110. A vostede, como celador/a no quirófano, pídenlle a súa colaboración para acomodar a un paciente na mesa. Ante o cal, deberá prestar atención a:

- A) Preservar a intimidade do paciente.
- B) Evitar que durante a mobilización, o paciente teña no seu campo de visión o instrumental.
- C) Colocar con seguridade os accesorios da mesa evitando que se desprendan dela accidentalmente.
- D) Debemos prestar atención a todas elas.

